

## 3.6

### consumo outros indicadores de benestar social vivenda cultura

Dentro do estudo do sistema de benestar social, cómpre incluír algúns indicadores que, non sendo tan básicos como a protección social, a educación ou a sanidade, si resultan de interese para coñecer a “boa saúde” dunha determinada sociedade. Na primeira parte do capítulo faise unha análise do consumo a partir dos datos da renda bruta familiar dispoñible e os indicadores de protección ó consumidor. Posteriormente, faise referencia á política de vivenda a través dos aspectos relacionados coas vivendas financiadas e os préstamos concedidos para vivendas de protección oficial segundo modalidades de actuación protexidas. Finalmente, analízanse aspectos relacionados coa cultura como a actividade editorial, os medios de comunicación e as bibliotecas.

#### Consumo

A análise deste apartado, baseado na información facilitada polo INE, o Instituto Galego

de Consumo (IGC) e Funcas, está dividida en dous grandes bloques. Nunha primeira parte, estudíase a capacidade de compra das familias, salientando o incremento da capacidade de compra das familias galegas, e nun segundo bloque, coméntase a protección ó consumidor, tomando como indicadores o número de consultas presentadas no IGC e a actividade da Xunta Arbitral de Consumo.

Respecto ás actividades de protección ó consumidor hai que salienta-la creación do Euro-Observatorio Galego (Decreto 289/1999, do 14 de outubro) co obxecto de se-lo medio de seguimento e control durante o proceso de implantación do euro, evitando abusos e garantindo a transparencia e resolvendo os conflitos que puidesen xurdir ós consumidores.

#### • *Renda familiar bruta dispoñible.-*

A evolución do consumo privado está ligada basicamente á evolución da renda familiar dispoñible, magnitude que indica o poder

CADRO 3.6.1.

Gasto medio por persoa nas CC.AA. 1998-99 <sup>(1)</sup>

|                    | 1998           |                                   |                | 1999           |                                                   |                | 99/98      |                                          |            |
|--------------------|----------------|-----------------------------------|----------------|----------------|---------------------------------------------------|----------------|------------|------------------------------------------|------------|
|                    | Total          | Alimentos,<br>bebidas e<br>tabaco | Resto          | Total          | Alimentos,<br>bebidas e<br>tabaco<br>(en pesetas) | Resto          | Total      | Alimentos,<br>bebidas e<br>tabaco<br>(%) | Resto      |
| Andalucía          | 202.147        | 44.723                            | 157.424        | 220.155        | 48.816                                            | 171.339        | 8,9        | 9,2                                      | 8,8        |
| Aragón             | 249.008        | 57.940                            | 191.068        | 246.573        | 53.066                                            | 193.507        | -1,0       | -8,4                                     | 1,3        |
| Asturias           | 254.379        | 54.065                            | 200.314        | 247.910        | 51.963                                            | 195.947        | -2,5       | -3,9                                     | -2,2       |
| Baleares           | 242.950        | 45.435                            | 197.515        | 281.236        | 54.204                                            | 227.032        | 15,8       | 19,3                                     | 14,9       |
| Canarias           | 218.472        | 54.642                            | 163.830        | 214.615        | 42.060                                            | 172.555        | -1,8       | -23,0                                    | 5,3        |
| Cantabria          | 242.170        | 67.349                            | 174.821        | 274.339        | 63.980                                            | 210.359        | 13,3       | -5,0                                     | 20,3       |
| Castela e León     | 221.701        | 52.771                            | 168.930        | 245.590        | 53.496                                            | 192.094        | 10,8       | 1,4                                      | 13,7       |
| Castela - A Mancha | 189.936        | 49.101                            | 140.835        | 205.471        | 46.069                                            | 159.402        | 8,2        | -6,2                                     | 13,2       |
| Cataluña           | 253.442        | 57.512                            | 195.930        | 285.915        | 60.349                                            | 225.566        | 12,8       | 4,9                                      | 15,1       |
| C. Valenciana      | 219.793        | 47.746                            | 172.047        | 226.497        | 50.426                                            | 176.071        | 3,1        | 5,6                                      | 2,3        |
| Extremadura        | 160.488        | 39.453                            | 121.035        | 159.241        | 47.849                                            | 111.392        | -0,8       | 21,3                                     | -8,0       |
| <b>Galicia</b>     | <b>212.660</b> | <b>51.999</b>                     | <b>160.661</b> | <b>229.597</b> | <b>56.473</b>                                     | <b>173.124</b> | <b>8,0</b> | <b>8,6</b>                               | <b>7,8</b> |
| Madrid             | 290.622        | 50.860                            | 239.762        | 314.403        | 51.196                                            | 263.207        | 8,2        | 0,7                                      | 9,8        |
| Murcia             | 206.123        | 52.989                            | 153.134        | 210.093        | 51.075                                            | 159.018        | 1,9        | -3,6                                     | 3,8        |
| Navarra            | 293.301        | 53.328                            | 239.973        | 305.343        | 51.422                                            | 253.921        | 4,1        | -3,6                                     | 5,8        |
| Pais Vasco         | 258.923        | 55.793                            | 203.130        | 277.637        | 61.863                                            | 215.774        | 7,2        | 10,9                                     | 6,2        |
| Rioxa              | 244.282        | 53.692                            | 190.590        | 262.608        | 59.170                                            | 203.438        | 7,5        | 10,2                                     | 6,7        |
| Ceuta e Melilla    | 190.645        | 44.903                            | 145.742        | 259.460        | 46.089                                            | 213.371        | 36,1       | 2,6                                      | 46,4       |
| <b>Total</b>       | <b>232.654</b> | <b>51.173</b>                     | <b>181.481</b> | <b>250.246</b> | <b>52.794</b>                                     | <b>197.452</b> | <b>7,6</b> | <b>3,2</b>                               | <b>8,8</b> |

(1) Os datos corresponden ó 4º trimestre de cada ano

Fonte: INE

de compra das familias. Tal e como se indicou no apartado 1.2.- *Demanda Interna*, a renda familiar bruta dispoñible (RFBD) creceu en Galicia no ano 1999 un 6,5% respecto a 1998, para situarse en 4.372.282 millóns de pesetas, segundo os datos facilitados pola Fundación das Caixas de Aforros Confederadas (Funcas). En España, cun incremento do 7,5%, este poder de compra chegou ós 70.854.170 millóns de pesetas (**cadro 1.2.3. Renda Familiar Bruta dispoñible (poder de compra) nas CC.AA. 1998-99**).

Se se mide o poder adquisitivo a través da renda familiar per cápita, ésta aumentou un 6,7% en Galicia para acadar as 1.609.321 pesetas, en tanto que en España a renda familiar per cápita ascendeu a 1.772.354 pesetas (un 7,3% superior á do ano anterior).

Comparado coas outras comunidades autónomas, o índice por habitante (media española igual a 100) reflicte que Galicia está en 1999 máis lonxe da media que en 1998, acadando un 90,8 fronte ó 91,3 do ano anterior. Do cadro comparativo coas outras comunidades autónomas, dedúcese que 9 comunidaes autónomas están por riba da media española: Aragón, Baleares, Castela e León, Cataluña, C. Valenciana, Madrid, Navarra, País Vasco e A Ríoxa, e que Galicia está en mellor que Andalucía, Extremadura e Murcia.

O gasto medio por persoa en Galicia no cuarto trimestre de 1999, segundo os datos do INE, foi de 229.597 pesetas, un 8,3% menos do gasto medio por persoa para o conxunto do estado. Tal e como amosa o **cadro 3.6.1.**, en termos absolutos, o gasto medio por persoa en Galicia só é superior ó rexistrado en Extremadura, Castela A Mancha, Murcia, Canarias, Andalucía e C. Valenciana. Non obstante, en termos de crecemento, Galicia experimenta un crecemento superior á media española (8,0% e 7,6%, respectivamente), sendo superado por

Ceuta e Melilla, Baleares, Cantabria, Cataluña, Castela e León, Andalucía, Madrid e Castela a Mancha.

Desas 229.597 pesetas, Galicia adica un 24,6% á compra de alimentos, bebidas e tabaco, eido no que é superada tan só por Extremadura, cun 30,0%. En España, esta porcentaxe ascende ó 21,1%.

#### • *Protección ó consumidor.*

Os servizos do Instituto Galego de Consumo atenderon, ó longo de 1999, un total de 10.681 consultas ou solicitudes de información, tal e como reflicte o **cadro 3.6.2.**, das que a maior parte das mesmas, 6.713, pertencen ó sector servizos. Comparado co ano anterior, o descenso do 16% do número de consultas ven explicado polo descenso do 39% das consultas correspondentes ós produtos alimenticios e industriais, que compensan o aumento do 15% das consultas correspondentes ó sector servizos.

Os temas máis consultados polos consumidores galegos foron os relativos ós produtos téxtiles e servizos de tintorería e lavandería, con 1.012; os da vivenda, que abranguen os de adquisición, aluguer e reparación das mesmas, con 975; das actividades de talleres de reparación de vehículos (950); e electrodomésticos e servizos de reparación, con 794.

No concernente ó número de reclamacións atendidas, éstas ascenderon a 3.545 fronte ás 2.973 do ano anterior, o que supón un incremento do 19%. O número de denuncias foi de 494, un 52,5% menos que no ano anterior, cando ascenderon a 1.041. Acadáronse entre reclamacións e denuncias un total de 4.039, un número similar ó de 1998.

Os temas que provocan maior número de reclamacións e denuncias son o sector servizos, e dentro deste, salienta o subsector dos téxtiles, que abarca venda, limpeza e lavado

CADRO 3.6.2.

**Consultas, reclamacións e denuncias presentadas en materia de consumo 1998-99**

|                               | 1998   | 1999   | 99/98<br>(%) |
|-------------------------------|--------|--------|--------------|
| <b>Consultas</b>              | 12.735 | 10.681 | -16,1        |
| productos alimenticios        | 2.278  | 1.383  | -39,3        |
| productos industriais         | 4.279  | 2.585  | -39,6        |
| sector servicios              | 5.818  | 6.713  | 15,4         |
| <b>Reclamacións atendidas</b> | 2.973  | 3.545  | 19,2         |
| <b>Denuncias</b>              | 1.041  | 494    | -52,5        |

Fonte: Instituto Galego de Consumo

CADRO 3.6.3.

**Arbitraje de consumo 1997-99: solicitudes presentadas diante da Xunta Arbitral de Consumo**

|                  | Solicitudes presentadas           |                    |                         |       | Solicitudes admitidas | Solicitudes resoltas |           |       | Coantía media das reclamacións<br>(en pesetas) |
|------------------|-----------------------------------|--------------------|-------------------------|-------|-----------------------|----------------------|-----------|-------|------------------------------------------------|
|                  | polas asociacións de consumidores | polos consumidores | por organismos públicos | total |                       | por mediación        | por laudo | total |                                                |
| <b>1997</b>      | 47                                | 289                | 96                      | 432   | 421                   | 23                   | 314       | 337   | 34.690                                         |
| <b>1998</b>      | 62                                | 449                | 171                     | 682   | 676                   | 55                   | 406       | 461   | 142.988                                        |
| <b>1999</b>      | 50                                | 758                | 179                     | 987   | 980                   | 78                   | 481       | 559   | 111.975                                        |
| <b>99/98 (%)</b> | - 19,4                            | 68,8               | 4,7                     | 44,7  | 45,0                  | 41,8                 | 18,5      | 21,3  |                                                |

Fonte: Instituto Galego de Consumo

destes produtos con 467, automóviles (venta e reparación) con 341 e servicios públicos de abastecemento con 241.

Ó longo de 1999 aumentou a actividade dos colexios arbitrais dependentes da Xunta de Galicia. Neste ano figuraban adheridas ó sistema arbitral de consumo en Galicia máis de 3.300 empresas, contando coa colaboración de 28 asociacións de consumidores e 57 asociacións empresariais.

Tal e como reflicte o **cadro 3.6.3.**, o número de solicitudes presentadas diante da Xunta Arbitral de Consumo ascendeu a 987, o que significa un aumento do 44,7% respecto ó ano anterior. O 76,8% do total de solicitudes foron presentadas polos consumidores, en tanto que os organismos públicos e as asociacións dos consumidores presentaron, respectivamente, o 18,1% e o 5%.

Ó longo de 1999, o 99,3% das solicitudes de arbitraje presentadas foron admitidas (980), fronte ó 99,1% do ano anterior. Un 57% das mesmas foron resoltas, fronte ó 68,2% das solicitudes admitidas no ano anterior. Os sectores máis significativos en canto a incidencia das reclamacións, dentro dos que voluntariamente se adheriron ó sistema de arbitraje, foron a telefonía (o 31% das reclamacións), as tintorerías co 18%, e os talleres de reparacións de automóviles e roupa e calzado, co 5% das reclamacións cada unha.

Dos 481 laudos existentes en 1999, 412 foron adoptados por unanimidade (85,7%) e 48 mediante conciliación (10%). Un importante número de laudos foron dictados nun tempo inferior a un mes (86%) e 48 nun período inferior a dous meses.

Finalmente, a contía media das reclama-

CADRO 3.6.4.

Vendas financiadas nas CC-AA. (1) 1999: distribución segundo modalidades de actuacións protexidas

|                                                   | Andalucía | Aragón | Asturias | Baleares | Canarias | Cantabria | Castela e León | Castela-A Mancha | Cataluña | Valenciana | Extremadura | Galicia | Madrid | Murcia | A Ríoxa | Ceuta | Melilla | Total  |
|---------------------------------------------------|-----------|--------|----------|----------|----------|-----------|----------------|------------------|----------|------------|-------------|---------|--------|--------|---------|-------|---------|--------|
| <b>Viviendas protexidas de nova construción</b>   |           |        |          |          |          |           |                |                  |          |            |             |         |        |        |         |       |         |        |
| Para venda                                        |           |        |          |          |          |           |                |                  |          |            |             |         |        |        |         |       |         |        |
| Grupo A (3)                                       | 8.514     | 352    | 619      | 61       | 826      | 209       | 430            | 1.173            | 2.184    | 6.381      | 476         | 1.217   | 581    | 34     | 281     | 30    | 149     | 23.517 |
| Grupo B (4)                                       | -         | 183    | 170      | 47       | -        | -         | 31             | -                | 1.158    | 4.214      | -           | 1.076   | -      | 2.638  | 80      | 480   | -       | 10.077 |
| Grupo C (5)                                       | 2.753     | 265    | -        | 46       | 444      | 334       | 105            | 574              | 122      | 96         | 1.535       | 703     | 352    | 62     | 49      | -     | -       | 7.440  |
| Para aluguer                                      |           |        |          |          |          |           |                |                  |          |            |             |         |        |        |         |       |         |        |
| A 10 anos                                         | 24        | 152    | -        | -        | 576      | -         | 59             | -                | 147      | 9          | -           | -       | -      | 48     | 24      | 42    | -       | 1.081  |
| A 25 anos                                         | 241       | 15     | -        | -        | -        | -         | 58             | -                | 394      | 68         | -           | 15      | 389    | 8      | -       | -     | -       | 1.188  |
| <b>Cofinanciación de VPO de promoción pública</b> |           |        |          |          |          |           |                |                  |          |            |             |         |        |        |         |       |         |        |
| Para venda                                        | -         | -      | -        | -        | -        | -         | -              | -                | -        | -          | -           | -       | -      | 25     | -       | -     | -       | 25     |
| Para aluguer                                      | -         | -      | -        | -        | -        | -         | -              | -                | -        | 32         | -           | -       | -      | 5      | -       | -     | -       | 37     |
| <b>Adquisición de outras vivendas existentes</b>  |           |        |          |          |          |           |                |                  |          |            |             |         |        |        |         |       |         |        |
| Grupo A (3)                                       | 170       | 373    | 12       | 29       | 16       | 57        | 144            | 161              | 121      | 1.011      | 46          | 104     | 29     | 98     | 190     | -     | -       | 2.561  |
| Grupo B (4)                                       | 10        | 255    | 154      | -        | 1        | 67        | 288            | -                | 979      | 134        | 22          | 195     | 421    | 26     | 232     | 1     | -       | 2.785  |
| <b>Rehabilitación</b>                             |           |        |          |          |          |           |                |                  |          |            |             |         |        |        |         |       |         |        |
| Áreas                                             | -         | -      | -        | 355      | -        | -         | 115            | -                | 880      | -          | -           | -       | 4.313  | -      | -       | -     | -       | 5.663  |
| Edificios (en nº de vivs) e vivendas              | 1.144     | 1.222  | 99       | 106      | 10       | 581       | 974            | 497              | 3.860    | 1.974      | 734         | 995     | 3.140  | (2)    | 420     | 45    | 3       | 15.804 |
| Con subsúberción                                  | 139       | -      | 47       | 1        | 9        | 38        | 75             | 90               | 207      | 54         | 115         | 71      | 45     | 13     | 79      | 1     | 1       | 965    |
| <b>Solo</b>                                       |           |        |          |          |          |           |                |                  |          |            |             |         |        |        |         |       |         |        |
| Solo 1 (a medio prazo)                            | 3.702     | -      | -        | -        | 200      | -         | 560            | -                | -        | -          | -           | -       | -      | -      | -       | -     | -       | 4.462  |
| Con subsúberción                                  | 388       | -      | -        | -        | 355      | -         | -              | -                | 90       | -          | -           | -       | 16.410 | -      | -       | -     | -       | 17.243 |
| Resto                                             | -         | -      | -        | -        | -        | -         | -              | -                | -        | -          | -           | -       | -      | -      | -       | -     | -       | -      |
| Solo 2 (formación de patrimonio público)          | -         | -      | -        | -        | -        | -         | -              | -                | -        | -          | -           | -       | -      | -      | -       | -     | -       | -      |
| Con subsúberción                                  | -         | -      | -        | -        | -        | -         | -              | -                | -        | -          | -           | -       | -      | -      | -       | -     | -       | -      |
| Resto                                             | -         | -      | -        | -        | -        | -         | -              | -                | -        | -          | -           | -       | -      | -      | -       | -     | -       | -      |
| <b>Totais</b>                                     |           |        |          |          |          |           |                |                  |          |            |             |         |        |        |         |       |         |        |
| Total vivendas                                    | 12.995    | 2.817  | 1.101    | 645      | 1.882    | 1.286     | 2.279          | 2.495            | 10.052   | 13.973     | 2.928       | 4.376   | 9.270  | 2.957  | 1.355   | 599   | 153     | 71.163 |
| Total solo                                        | 4.080     | -      | -        | -        | 200      | 355       | 560            | -                | 90       | -          | -           | -       | 16.410 | -      | -       | -     | -       | 21.705 |
| Total vivendas+solo                               | 17.085    | 2.817  | 1.101    | 645      | 2.082    | 1.641     | 2.839          | 2.495            | 10.142   | 13.973     | 2.928       | 4.376   | 25.680 | 2.957  | 1.355   | 599   | 153     | 92.868 |

(1) senditas para País Vaso e Navarra

(2) pendente da información da Comunidade Autónoma

(3) prazo máximo, segundo art. 16.1 a)

(4) prazo máximo, segundo art. 16.1 c)

(5) VPO de réxime especial

Fonte: Ministerio de Fomento, Dirección General de la Vivienda, la Arquitectura y el Urbanismo

CADRO 3.6.5.

Préstamos concedidos para viviendas de protección oficial nas CC-AA. (1) 1999: distribución segundo modalidades de actuación protexidas

(en millóns de pesetas)

|                                                   | Andalucía | Aragón | Asturias | Baleares | Canarias | Cantabria | Castela e León | Castela-A Mancha | Cataluña | Valenciana | C. Extremadura | Galicia | Madrid | Murcia | A Rioja | Canta | Mejilla | Total   |
|---------------------------------------------------|-----------|--------|----------|----------|----------|-----------|----------------|------------------|----------|------------|----------------|---------|--------|--------|---------|-------|---------|---------|
| <b>Viviendas protexidas de nova construción</b>   |           |        |          |          |          |           |                |                  |          |            |                |         |        |        |         |       |         |         |
| Para venda                                        |           |        |          |          |          |           |                |                  |          |            |                |         |        |        |         |       |         |         |
| Grupo A (2)                                       | 61.677    | 3.012  | 4.677    | 547      | 6.708    | 1.907     | 2.803          | 8.909            | 19.565   | 50.738     | 3.020          | 9.187   | 5.090  | 256    | 2.249   | 212   | 1.388   | 181.945 |
| Grupo B (3)                                       | -         | 1.583  | 1.386    | 483      | -        | -         | 211            | -                | 12.460   | 40.889     | -              | 10.526  | -      | 21.944 | 810     | 4.416 | -       | 94.698  |
| Grupo C (4)                                       | 16.062    | 2.050  | -        | 287      | 3.060    | 2.197     | 730            | 3.728            | 922      | 491        | 9.462          | 4.814   | 2.272  | 441    | 384     | -     | -       | 46.940  |
| Para aluguer                                      |           |        |          |          |          |           |                |                  |          |            |                |         |        |        |         |       |         |         |
| A 10 anos                                         | 134       | 1.001  | -        | -        | 3.645    | -         | 442            | -                | 987      | 71         | -              | -       | -      | 270    | 195     | 241   | -       | 6.986   |
| A 25 anos                                         | 1.777     | 66     | -        | -        | -        | -         | 409            | -                | 2.789    | 478        | -              | 93      | 2.060  | 48     | -       | -     | -       | 7.720   |
| <b>Cofinanciación de VPO de promoción pública</b> |           |        |          |          |          |           |                |                  |          |            |                |         |        |        |         |       |         |         |
| Para venda                                        | -         | -      | -        | -        | -        | -         | -              | -                | -        | -          | -              | -       | -      | -      | -       | -     | -       | -       |
| Para aluguer                                      | -         | -      | -        | -        | -        | -         | -              | -                | -        | -          | -              | -       | -      | -      | -       | -     | -       | -       |
| <b>Adquisición de outras vivendas existentes</b>  |           |        |          |          |          |           |                |                  |          |            |                |         |        |        |         |       |         |         |
| Grupo A (2)                                       | 831       | 2.098  | 73       | 172      | 90       | 302       | 789            | 837              | 924      | 5.388      | 238            | 614     | 192    | 558    | 1.071   | -     | -       | 14.137  |
| Grupo B (3)                                       | 61        | 1.586  | 995      | -        | 8        | 422       | 2.194          | -                | 8.302    | 1.166      | 105            | 1.332   | 3.403  | 150    | 1.777   | 9     | -       | 21.520  |
| <b>Rehabilitación</b>                             |           |        |          |          |          |           |                |                  |          |            |                |         |        |        |         |       |         |         |
| Áreas                                             |           |        |          |          |          |           |                |                  |          |            |                |         |        |        |         |       |         |         |
| Edificios (en nº de viv.) e vivendas              | -         | -      | -        | -        | -        | -         | -              | -                | -        | -          | -              | -       | -      | -      | -       | -     | -       | -       |
| Consósubvención                                   | -         | -      | -        | -        | -        | -         | -              | -                | -        | -          | -              | -       | -      | -      | -       | -     | -       | -       |
| Resto                                             | 457       | -      | 91       | 3        | 22       | 105       | 80             | 172              | 623      | 167        | 206            | 176     | 85     | 54     | 166     | 1     | 5       | 2.413   |
| <b>Solo</b>                                       |           |        |          |          |          |           |                |                  |          |            |                |         |        |        |         |       |         |         |
| Solo 1 (a medio prazo)                            | -         | -      | -        | -        | -        | -         | -              | -                | -        | -          | -              | -       | -      | -      | -       | -     | -       | -       |
| Consósubvención                                   | -         | -      | -        | -        | -        | -         | -              | -                | -        | -          | -              | -       | -      | -      | -       | -     | -       | -       |
| Resto                                             | 336       | -      | -        | -        | -        | 489       | -              | -                | 45       | -          | -              | -       | 28.680 | -      | -       | -     | -       | 29.560  |
| <b>Solo 2 (formación de patrimonio público)</b>   |           |        |          |          |          |           |                |                  |          |            |                |         |        |        |         |       |         |         |
| Consósubvención                                   | -         | -      | -        | -        | -        | -         | -              | -                | -        | -          | -              | -       | -      | -      | -       | -     | -       | -       |
| Resto                                             | -         | -      | -        | -        | -        | -         | -              | -                | -        | -          | -              | -       | -      | -      | -       | -     | -       | -       |
| <b>Totais</b>                                     |           |        |          |          |          |           |                |                  |          |            |                |         |        |        |         |       |         |         |
| Total vivendas                                    | 80.999    | 11.406 | 7.221    | 1.491    | 13.532   | 4.933     | 7.638          | 13.646           | 46.562   | 99.388     | 13.060         | 26.741  | 13.102 | 23.722 | 6.662   | 4.879 | 1.373   | 376.357 |
| Total solo                                        | 336       | -      | -        | -        | -        | 489       | -              | -                | 45       | -          | -              | -       | 28.680 | -      | -       | -     | -       | 29.560  |
| Total vivendas+solo                               | 81.335    | 11.406 | 7.221    | 1.491    | 13.532   | 5.432     | 7.638          | 13.646           | 46.607   | 99.388     | 13.060         | 26.741  | 41.782 | 23.722 | 6.662   | 4.879 | 1.373   | 405.916 |

(1) sendas para País Vasco e Navarra

(2) prazo máximo segundo art. 16.1 a)

(3) prazo máximo segundo art. 16.1 a)

(4) VPO de dobre especial

Fonte: Ministerio de Fomento, Dirección General de la Vivienda, la Arquitectura y el Urbanismo

cións presentadas en 1999 foi de 111.975 pesetas, fronte ás 142.988 do ano anterior.

O 15 de xullo iniciouse o proxecto *Arbitraxe in situ-Xacobeo 99*, que recibiu ata finais do mes de outubro un total de 104 denuncias–reclamacións formuladas polos consumidores e usuarios. Destas solicitudes, 31 foron admitidas a trámite pola Xunta Arbitral de Consumo de Galicia (29,8%) e as restantes 73 foron enviadas ós organismos competentes para a súa resolución.

Das 31 solicitudes admitidas, 16 foron arquivadas (2 por acordo entre as partes e 14 pola non aceptación da arbitraxe), 1 foi resolta por mediación e 14 por laudo.

O sector da hostalería/restauración foi o que recibiu o maior número de solicitudes de arbitraxe, con 50, seguido dos albergues, con 20, e as axencias de viaxes, con 12.

### Vivenda

Este apartado adícase ó estudio das políticas de vivenda desenvolvidas. Partindo dos datos da Dirección General de la Vivienda, la Arquitectura y el Urbanismo (Ministerio de Fomento), veranse os aspectos relacionados coas vivendas financiadas e os préstamos concedidos para vivendas de protección oficial segundo modalidades de actuacións protexidas.

#### • Plan de vivenda.-

No caso das vivendas financiadas, **cadro 3.6.4.**, o seu número ascendeu en Galicia a 4.376 en 1999, o que representa o 4,7% do conxunto do estado. Destas 4.376 vivendas financiadas, un total de 3.011 vivendas son vivendas protexidas de nova construción (o 68,8% do total das vivendas financiadas en 1999).

Comparado coas outras comunidades autónomas, o devandito cadro reflicte que Gali-

cia é a quinta comunidade con maior número de vivendas financiadas, por detrás de Madrid (25.680), Andalucía (17.085), a Comunidade Valenciana (13.973) e Cataluña (10.142). Entre estas catro comunidades suman o 72% do total das vivendas financiadas en España.

En relación ó problema do financiamento das vivendas de protección oficial, o **cadro 3.6.5.** amosa que en 1999 o valor total dos préstamos concedidos ascendeu a 26.741 millóns de pesetas, o que supón o 6,6% do total estatal (sen ter en conta os datos para o País Vasco e Navarra). Apréciase que a meirande parte do financiamento vai dirixido ás vivendas protexidas de nova creación, cun importe de 24.620 millóns de pesetas, que representa o 92,1% do total do importe dos préstamos concedidos para vivendas de protección oficial en Galicia.

Comparada co resto das comunidades, o **cadro 3.6.5.** amosa que Galicia é a quinta comunidade en cuanto ó valor destes préstamos concedidos, por detrás da Comunidade Valenciana (99.388 millóns de pesetas), Andalucía (81.335 millóns), Cataluña (46.607 millóns) e Madrid (41.782 millóns). Estas catro acollen o 66,3% do total dos préstamos concedidos.

### Cultura

O apartado adicado á análise da cultura, tras presenta-la evolución dos diferentes programas dos presupostos da Xunta de Galicia nesta materia, amosa a actividade editorial ó longo dos dous últimos anos (libros e prensa escrita), a oferta e a demanda dos medios audiovisuais (artes escénicas, música clásica e moderna, radio e televisión, e cine) para finalizar cun comentario sobre a oferta de bibilotecas en Galicia.

Para a realización do mesmo, analízanse os datos facilitados polo INE, os Presupostos Xerais da Xunta, a Sociedad General de Auto-

**CADRO 3.6.6.**

**Presupostos consolidados da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo  
1998-99: distribución dos créditos por programas**

|                                             | 1998            | 1999            | 99/98<br>(%) |
|---------------------------------------------|-----------------|-----------------|--------------|
| Dirección e Servizos Xerais de Cultura      | 1.370,7         | 1.835,5         | 33,9         |
| Bibliotecas e Prom. Do Libro e a lectura    | 457,0           | 473,1           | 3,5          |
| Arquivos e Museos                           | 519,0           | 443,9           | -14,5        |
| Promoción, difusión e cooperación cultural  | 2.839,6         | 2.979,4         | 4,9          |
| Audiovisuais e fotografía                   | 207,0           | 207,0           | 0,0          |
| Difusión e animación sociocultural          | 149,5           | -               | -100,0       |
| Teatro, música e danza                      | 793,1           | 917,0           | 15,6         |
| Patrimonio hist., artístico e arqueolóxico  | 2.366,2         | 2.376,6         | 0,4          |
| Exposicións e artes plásticas               | 90,0            | 90,0            | 0,0          |
| Cobertura informativa e apoio a com. social | 550,4           | 546,6           | -0,7         |
| Radiodifusión e TVG                         | 10.898,3        | 12.423,0        | 14,0         |
| Ord. e xest. do turismo                     | 1.900,2         | 2.030,7         | 6,9          |
| Xacobeo                                     | 3.788,4         | 5.616,9         | 48,3         |
| Fomento e potencia. do turismo              | 914,6           | 1.646,0         | 80,0         |
| Ac. plan crecemento e emprego               | 300,0           | -               | -100,0       |
| Elaboración e difusión estatística          | -               | 5,0             | -            |
| <b>Total</b>                                | <b>27.144,0</b> | <b>31.590,7</b> | <b>16,4</b>  |

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

**CADRO 3.6.7.**

**Producción editorial 1998-99: distribución segundo o idioma da publicación**

|                                       | Títulos publicados |               |              |
|---------------------------------------|--------------------|---------------|--------------|
|                                       | 1998               | 1999          | 99/98<br>(%) |
| Castelán                              | 44.084             | 46.465        | 5,4          |
| Catalán                               | 6.821              | 6.971         | 2,2          |
| Galego                                | 934                | 1.070         | 14,6         |
| Euskera                               | 977                | 1.029         | 5,3          |
| Outros idiomas ou dialectos nacionais | 84                 | 102           | 21,4         |
| Alemán                                | 143                | 156           | 9,1          |
| Francés                               | 205                | 291           | 42,0         |
| Inglés                                | 897                | 1.019         | 13,6         |
| Outros idiomas estranxeiros           | 626                | 935           | 49,4         |
| En dous ou máis idiomas               | 1.003              | 1.136         | 13,3         |
| <b>Total títulos publicados</b>       | <b>55.774</b>      | <b>59.174</b> | <b>6,1</b>   |

Fonte: INE, Estadística de la producción editorial de libros

res y Editores de las artes escénicas, musicales y audiovisuales (SGAE), a Oficina de Justificación de la Difusión (OJD), a Asociación para la Investigación de Medios de Comunicación e a Estadística de Bibliotecas do INE.

O **cadro 3.6.6.** reflicte o presuposto consolidado da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo e a súa distribución por programas. Este presuposto ascendeu a 31.590,7 millóns de pesetas en 1999, un 16,4% máis que no exercicio anterior, cando se adicaron un total de 27.144 millóns.

Como recolle o **cadro 3.6.6.**, os programas cun maior presuposto son, por unha banda, o de Radiodifusión e TVG, con 12.423 millóns de pesetas –que tería como obxetivos aporta-los recursos económicos complementarios para o funcionamento da CRTVG e das súas empresas, a dotación de medios materiais e técnicos necesarios para o mentemento das redes de radio e televisións institucionais e dotar dos recursos necesarios para o desenvolvemento de experiencias de radio e televisión dixitais e de comunicación por satélites, así como para a participación en programas europeos nas mate-

CADRO 3.6.8.

Producción editorial nas CC.AA. 1998-99: títulos e exemplares

|                    | Total  |        | Exemplares (1) |         | Libros |        | Folletos |        |
|--------------------|--------|--------|----------------|---------|--------|--------|----------|--------|
|                    | 1998   | 1999   | 1998           | 1999    | 1998   | 1999   | 1998     | 1999   |
| Andalucía          | 3.352  | 3.623  | 4.021          | 4.188   | 3.079  | 3.380  | 273      | 243    |
| Aragón             | 1.193  | 1.574  | 4.498          | 5.925   | 1.096  | 1.350  | 97       | 224    |
| Asturias           | 838    | 931    | 1.008          | 1.008   | 731    | 817    | 107      | 114    |
| Baleares           | 661    | 561    | 1.079          | 713     | 582    | 508    | 79       | 53     |
| Canarias           | 555    | 792    | 554            | 947     | 485    | 692    | 70       | 100    |
| Cantabria          | 346    | 374    | 726            | 640     | 321    | 328    | 25       | 46     |
| Castela e León     | 2.434  | 2.636  | 5.090          | 5.138   | 2.125  | 2.275  | 309      | 361    |
| Castela - A Mancha | 629    | 711    | 1.926          | 1.867   | 546    | 621    | 83       | 90     |
| Cataluña           | 20.006 | 19.803 | 120.996        | 106.065 | 17.818 | 17.612 | 2.188    | 2.191  |
| C. Valenciana      | 3.706  | 3.803  | 4.739          | 6.192   | 3.285  | 3.494  | 421      | 309    |
| Extremadura        | 298    | 305    | 286            | 289     | 280    | 287    | 18       | 18     |
| Galicia            | 1.520  | 1.752  | 2.519          | 3.307   | 1.344  | 1.579  | 176      | 173    |
| Madrid             | 16.032 | 17.884 | 78.957         | 91.755  | 14.814 | 16.484 | 1.218    | 1.400  |
| Murcia             | 525    | 565    | 575            | 761     | 480    | 540    | 45       | 25     |
| Navarra            | 1.043  | 1.188  | 4.493          | 4.919   | 979    | 1.073  | 64       | 115    |
| País Vasco         | 2.489  | 2.505  | 5.205          | 5.579   | 2.243  | 2.251  | 246      | 254    |
| Rioxa              | 111    | 140    | 114            | 167     | 105    | 126    | 6        | 14     |
| Ceuta e Melilla    | 36     | 27     | 24             | 77      | 31     | 25     | 5        | 2      |
| Total              | 55.774 | 59.174 | 236.810        | 239.537 | 50.344 | 53.442 | 5.430    | 5.732  |
|                    |        |        |                |         |        |        | 20.037   | 25.604 |

(1) exemplares en miles

Fonte: INE, Estadística de la producción editorial de libros

CADRO 3.6.9.

Tirada e difusión da prensa escrita 1998-99 <sup>(1)</sup>

|                                      | 1998    |          | 1999    |          |
|--------------------------------------|---------|----------|---------|----------|
|                                      | Tirada  | Difusión | Tirada  | Difusión |
| ABC ed. Galicia                      | 9.395   | 5.022    | 7.830   | 3.793    |
| Atlántico Diario                     | 6.294   | 4.267    | 5.534   | 4.146    |
| El Correo Gallego                    | 20.146  | 17.674   | 21.259  | 18.126   |
| El Mundo del Siglo XXI (ed. Galicia) | 13.191  | 8.693    | 12.827  | 8.586    |
| El Progreso                          | 17.436  | 14.805   | 17.813  | 15.104   |
| Faro de Vigo                         | 47.451  | 39.536   | 50.252  | 42.278   |
| ed. Ourense                          | 1.397   | 949      | 1.406   | 970      |
| ed. dominical                        | 60.239  | 51.274   | 64.445  | 56.044   |
| La Voz de Galicia                    | 125.464 | 105.553  | 128.587 | 108.841  |
| ed. A Coruña                         | 91.432  | 78.245   | 93.264  | 80.753   |
| ed. Lugo                             | 10.832  | 8.838    | 11.172  | 9.152    |
| ed. Ourense                          | 6.528   | 5.241    | 6.720   | 5.394    |
| ed. Pontevedra                       | 19.347  | 15.599   | 19.577  | 15.554   |
| ed. dominical                        | 169.125 | 144.285  | 167.042 | 145.004  |
| Marca (ed. Galicia)                  | 37.646  | 27.074   | 39.922  | 28.639   |

(1) soamente os diarios controlados pola OJD

Fonte: Oficina de Justificación de la Difusión

CADRO 3.6.10.

Penetración dos medios de comunicación nas CC.AA. 1999

(en %)

|                  | Diarios | Suplementos | Revistas | Radio (1) | Televisión (1) | Cine (2) | Internet (3) |
|------------------|---------|-------------|----------|-----------|----------------|----------|--------------|
| Andalucía        | 24,4    | 16,2        | 44,5     | 50,4      | 90,2           | 8,7      | 4,6          |
| Aragón           | 39,7    | 42,9        | 53,0     | 52,7      | 87,7           | 11,7     | 8,0          |
| Asturias         | 54,8    | 47,5        | 63,1     | 58,6      | 88,5           | 6,4      | 5,3          |
| Baleares         | 51,7    | 40,1        | 69,6     | 51,6      | 87,4           | 10,6     | 6,6          |
| Canarias         | 34,9    | 16,2        | 59,4     | 53,7      | 86,8           | 10,0     | 6,2          |
| Cantabria        | 50,4    | 49,1        | 62,5     | 53,1      | 90,0           | 6,6      | 6,1          |
| Castela e León   | 39,1    | 35,4        | 53,1     | 56,4      | 91,6           | 8,4      | 4,9          |
| Castela-A Mancha | 21,8    | 15,5        | 43,7     | 43,6      | 91,4           | 7,4      | 3,7          |
| Cataluña         | 38,8    | 35,4        | 58,4     | 56,2      | 90,0           | 12,4     | 11,5         |
| C.Valenciana     | 32,2    | 30,2        | 59,9     | 51,6      | 90,1           | 12,0     | 7,5          |
| Extremadura      | 30,2    | 21,8        | 50,5     | 50,7      | 95,2           | 6,4      | 4,8          |
| Galicia          | 36,9    | 32,3        | 43,1     | 50,8      | 89,1           | 6,9      | 4,4          |
| Madrid           | 30,6    | 34,0        | 51,6     | 51,6      | 87,0           | 12,2     | 9,7          |
| Murcia           | 29,1    | 28,2        | 53,6     | 54,5      | 89,3           | 8,5      | 6,6          |
| Navarra          | 57,8    | 49,0        | 58,3     | 56,9      | 83,7           | 10,8     | 5,6          |
| País Vasco       | 57,1    | 60,8        | 61,7     | 60,1      | 88,8           | 12,5     | 6,5          |
| A Rioxa          | 47,5    | 40,5        | 52,0     | 52,4      | 90,4           | 12,7     | 7,2          |
| Total            | 35,2    | 31,3        | 53,3     | 53,0      | 89,4           | 10,2     | 7,0          |

(1) audiencia acumulada diaria

(2) polo menos unha vez na última semana

(3) uso nos últimos 30 días

Fonte: Asociación para la Investigación de Medios de Comunicación

rias de radiodifusión e televisión– e mailos programas do Xacobeo (5.616,9 millóns), o de Patrimonio histórico artístico e arqueolóxico (2.376,6 millóns) e o de promoción e cooperación cultural (2.979,4 millóns).

Xunto á Consellería e o seu organismo autónomo, o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), existen catro sociedades públicas –S.A. de Xestión do Plan Xaco-

beo, Compañía de R.T.V.G., Turgalicia, S.A. e a recién creada Redes de Telecomunicación galegas, S.A. (Retegal)– cun presuposto total de 26.285 millóns de pesetas, fronte ós 13.944 millóns de pesetas de 1998.

• *A actividade editorial.-*

Ó longo de 1999 publicáronse, tal e como reflecten os **cadros 3.6.7.** e **3.6.8.**, un total de 59.174 títulos, o que supón un crecemento do

6,1% respecto ó ano anterior. Do total de títulos publicados en España, 1.070 corresponderon a títulos en galego, o que significa un aumento do 14,6% respecto a 1998. Tendo en conta esta evolución, o peso relativo dos títulos publicados en galego no total español medra do 1,7% de 1998 ata o 1,8% do último ano.

Atendendo ó **cadro 3.6.8.**, que recolle a produción editorial nas diferentes comunidades autónomas, Galicia publicou un total de 1.752 títulos, o 3% dos títulos que se publicaron en España en 1999. A súa tirada media foi de 1.888 exemplares por título, fronte ós 1.657 exemplares do ano anterior.

Se temos en conta a produción editorial de libros, a diferenza do acontecido o ano anterior, o devandito **cadro 3.6.8.** amosa que Galicia experimentou un crecemento dun 17,5% no número de títulos, ata chegar ós 1.579 títulos. Atendendo ó número de exemplares, a tirada media por título ascendeu a 1.690 exemplares.

Respecto á prensa escrita, o **cadro 3.6.9.** amosa que en 1999 La Voz de Galicia segue sendo o principal xornal galego pola súa tirada (128.587 exemplares diarios e 167.042 na edición dominical) e difusión, datos que o convirten no décimo segundo diario en importancia a nivel estatal.

O grado de penetración dos diferentes medios de comunicación está reflectido no **cadro 3.6.10.** Comparado co total estatal, agás no caso dos diarios e dos suplementos, Galicia presenta un menor grado de penetración. Tendo en conta os datos do ano anterior, conséttase un crecemento no uso de internet, das televisións e dos suplementos, en tanto que descende a utilización dos demais medios de comunicación.

Comparado co resto das comunidades autónomas, Galicia presenta o menor grado de

penetración no caso das revistas, e o segundo no caso da radio e internet.

#### • Os medios audiovisuais.-

En relación ó **equipamento** dos centros onde se desenvolveron actividades audiovisuais, o **cadro 3.6.11.** reflicte o reducido peso dos centros galegos no total español, xa que só o número de emisoras de radio e o número de salas de concertos de música moderna superan o 6%. Asemade, atendendo ó número de salas por millón de habitantes, agás no caso da provincia de Lugo, Galicia está por debaixo da media española.

Atendendo ás representacións escénicas, en Galicia había en 1998 un total de 144 recintos, o que supoñía o 3,2% do total de recintos existentes en España, en tanto que o número de salas ascendía a 114 (4,1% do total). Segundo o ratio salas por millón de habitantes, Galicia está por riba a media española (41,6, fronte a 40,7 en España), aínda que esta cifra acádase por mor do efecto da provincia de Lugo, xa que as outras tres provincias atópanse por debaixo da media, e en especial Ourense, onde este ratio acada o 14,4.

Respecto ás **actividades** desenvolvidas, **cadro 3.6.13.**, en 1998 houbo un total de 787 representacións teatrais (o 1,8% do total estatal), fronte ás 730 do ano anterior. A provincia de A Coruña, a pesares do seu descenso, acolle máis da metade das representacións, o 51,6%, en tanto que a provincia de Pontevedra acolle o 28,3% das representacións totais. Ourense e Lugo son as que menos representacións acolllen, co 8% e o 12,1%, respectivamente.

Finalmente, o **cadro 3.6.12.** amosa o número de **espectadores** e a **recadación** das artes escénicas e reflicte un crecemento do 17,9% (32.463 persoas) no número de espectadores no ano 1998 respecto a 1997. Este crecemento dos espectadores veu acompañado por

CADRO 3.6.11.

**Equipamento dos centros culturais con actividade 1998**

|                                  | Galicia | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | España | G/E (%) |
|----------------------------------|---------|----------|------|---------|------------|--------|---------|
| <b>Representacións Escénicas</b> |         |          |      |         |            |        |         |
| recintos                         | 144     | 55       | 34   | 8       | 47         | 4.567  | 3,2     |
| salas                            | 114     | 44       | 28   | 5       | 37         | 2.781  | 4,1     |
| locais                           | 23      | 9        | 5    | 2       | 7          | 1.457  | 1,6     |
| sen clasificar                   | 7       | 2        | 1    | 1       | 3          | 329    | 2,1     |
| salas/millón habs.               | 41,6    | 39,6     | 75,6 | 14,4    | 40,4       | 40,7   |         |
| <b>Concertos música clásica</b>  |         |          |      |         |            |        |         |
| recintos                         | 136     | 67       | 39   | 6       | 24         | 3.574  | 3,8     |
| salas                            | 67      | 34       | 16   | 4       | 13         | 1.611  | 4,2     |
| salas/millón habs.               | 24,4    | 30,6     | 43,2 | 11,5    | 14,2       | 40,7   |         |
| <b>Concertos música moderna</b>  |         |          |      |         |            |        |         |
| recintos                         | 569     | 277      | 111  | 30      | 151        | 9.535  | 6,0     |
| salas                            | 290     | 128      | 51   | 15      | 96         | 3.852  | 7,5     |
| <b>Cines</b>                     |         |          |      |         |            |        |         |
| salas                            | 167     | 79       | 28   | 15      | 45         | 2.988  | 5,6     |
| pantallas/millón habs.           | 62,0    | 72,0     | 77,0 | 45,0    | 50,0       | 74,0   |         |
| <b>Televisión</b>                |         |          |      |         |            |        |         |
| canais                           | 19      | 6        | 5    | 2       | 6          | 669    | 2,8     |
| cable                            | 6       | 2        | 1    | -       | 3          | 366    | 1,6     |
| ondas                            | 13      | 4        | 4    | 2       | 3          | 303    | 4,3     |
| <b>Radio</b>                     |         |          |      |         |            |        |         |
| emisoras                         | 113     | 33       | 26   | 26      | 28         | 1.519  | 7,4     |

Fonte: Sociedad General de Autores de España

CADRO 3.6.12.

**Espectadores e recadación nos centros con actividades culturais 1997-98**

|                 | Espectadores |           | Recadación            |         |
|-----------------|--------------|-----------|-----------------------|---------|
|                 | 1997         | 1998      | 1997                  | 1998    |
|                 |              |           | (en millóns de ptas.) |         |
| Artes escénicas | 181.213      | 213.676   | 153                   | 138,9   |
| Música clásica  | 161.922      | 158.612   | 39,6                  | 59,5    |
| Música moderna  |              | 867.552   |                       | 601,3   |
| Cine            |              | 5.075.000 |                       | 2.742,9 |

Fonte: Sociedad General de Autores de España

CADRO 3.6.13.

**Actividades das representacións escénicas 1997-98**

|                | Espectáculos  |               | Produccións  |               | Representacións teatrais |               |             |
|----------------|---------------|---------------|--------------|---------------|--------------------------|---------------|-------------|
|                | 1997          | 1998          | 1997         | 1998          | 1997                     | 1998          | 98/97       |
| <b>Galicia</b> | <b>481</b>    | <b>530</b>    | <b>260</b>   | <b>355</b>    | <b>730</b>               | <b>787</b>    | <b>7,8</b>  |
| A Coruña       |               |               |              |               | 429                      | 406           | -5,4        |
| Lugo           |               |               |              |               | 68                       | 95            | 39,7        |
| Ourense        |               |               |              |               | 32                       | 63            | 96,9        |
| Pontevedra     |               |               |              |               | 201                      | 223           | 10,9        |
| <b>España</b>  | <b>17.357</b> | <b>20.780</b> | <b>7.729</b> | <b>10.104</b> | <b>37.919</b>            | <b>42.751</b> | <b>12,7</b> |

Fonte: Sociedad General de Autores de España

CADRO 3.6.14.

Consumo diario de radio e televisión nas CC.AA. 1998-99

(media de minutos sobre o total da poboación)

|                    | 1998      |            | 1999      |            |
|--------------------|-----------|------------|-----------|------------|
|                    | Radio     | Televisión | Radio     | Televisión |
| Andalucía          | 91        | 234        | 84        | 233        |
| Aragón             | 91        | 195        | 90        | 182        |
| Asturias           | 111       | 206        | 116       | 197        |
| Baleares           | 80        | 187        | 84        | 203        |
| Canarias           | 93        | 195        | 99        | 211        |
| Cantabria          | 94        | 233        | 93        | 239        |
| Castela e León     | 99        | 208        | 104       | 220        |
| Castela - A Mancha | 67        | 269        | 86        | 269        |
| Cataluña           | 109       | 239        | 105       | 232        |
| C. Valenciana      | 108       | 235        | 108       | 235        |
| Extremadura        | 84        | 235        | 88        | 246        |
| <b>Galicia</b>     | <b>90</b> | <b>192</b> | <b>87</b> | <b>199</b> |
| Madrid             | 84        | 221        | 86        | 221        |
| Murcia             | 103       | 216        | 114       | 234        |
| Navarra            | 110       | 188        | 89        | 181        |
| País Vasco         | 107       | 197        | 97        | 211        |
| A Ríoxa            | 97        | 190        | 78        | 195        |
| <b>Total</b>       | <b>96</b> | <b>222</b> | <b>95</b> | <b>224</b> |

Fonte: Asociación para la Investigación de Medios de Comunicación

CADRO 3.6.15.

Consumo de TV, cota cadena. 1998

|                                 | (%)        |            |
|---------------------------------|------------|------------|
|                                 | Galicia    | España     |
| TVE 1                           | 27,9       | 25,6       |
| La 2                            | 8,2        | 8,8        |
| Tele 5                          | 19,8       | 20,4       |
| Antena 3                        | 22,2       | 22,8       |
| C+ (Abierto)                    | 1,9        | 2,4        |
| Autonómicas                     | 18,1       | 16,5       |
| Outras                          | 2,0        | 3,6        |
| <b>Consumo diario (minutos)</b> | <b>198</b> | <b>210</b> |

Fonte: Sociedad General de Autores de España

un descenso da recadación do 9,2%, para acadar os 138,9 millóns de pesetas.

No que ó equipamento para as actividades de **música clásica**, o **cadro 3.6.11.** reflicte que Galicia conta cun total de 136 recintos (o 3,8% do total estatal), das que 67 poden ser considerados como salas (o 4,2% do total de salas españolas). Comparado co total estatal, o número de salas por cada millón de habitantes en Galicia é moi inferior ó español, cun valor de 24,4, fronte ó 40,7 do conxunto do estado. As provincias de Ourense e Pontevedra son as que presentan os menores valores deste ratio, con 11,5 e 14,2, ó contrario do que acontece no caso da provincia de Lugo, onde a relación (43,2) é superior á correspondente a España.

O número de concertos ó longo de 1998 ascendeu a 514 (4,0% do total estatal) e o número de sesións a 520 (3,9%). A metade destas sesións desenvóléronse na provincia de A Coruña (262 sesións) en tanto que no polo oposto, Ourense foi a que menos celebrou, con 39. O número de asistentes a este tipo de espectáculos descendeu un 2% en 1998 para situarse nos 158.612 espectadores, en tanto que a recadación medrou un 50,3%, acadando os 59,5 millóns de pesetas.

No que á **música moderna** se refire, houbo un total de 569 recintos que tiveron actividade ó longo do ano 1998 (dos que 290 eran salas). O número de espectadores que asistiu a estos espectáculos ascendeu a

CADRO 3.6.16.

*Bibliotecas nas CC.AA. 1998: distribución segundo tipo*

|                   | Bibliotecas (unidades administrativas) |                                                   |                                    |                |              | Total puntos de servicio |
|-------------------|----------------------------------------|---------------------------------------------------|------------------------------------|----------------|--------------|--------------------------|
|                   | Total bibliotecas                      | Nacionais e outras importantes non especializadas | De institucións de ensino superior | Especializadas | Públicas     |                          |
| Andalucía         | 929                                    | 9                                                 | 86                                 | 143            | 691          | 1.080                    |
| Aragón            | 333                                    | 4                                                 | 30                                 | 64             | 235          | 380                      |
| Asturias          | 150                                    | 2                                                 | 6                                  | 27             | 115          | 184                      |
| Baleares          | 193                                    | 2                                                 | 8                                  | 51             | 132          | 211                      |
| Canarias          | 236                                    | 3                                                 | 32                                 | 35             | 166          | 263                      |
| Cantabria         | 62                                     | 1                                                 | 2                                  | 15             | 44           | 75                       |
| Castela e León    | 496                                    | 10                                                | 74                                 | 110            | 302          | 709                      |
| Castela- A Mancha | 434                                    | 5                                                 | 19                                 | 44             | 366          | 475                      |
| Cataluña          | 889                                    | 4                                                 | 89                                 | 346            | 450          | 1.000                    |
| C. Valenciana     | 652                                    | 5                                                 | 34                                 | 121            | 492          | 770                      |
| Extremadura       | 410                                    | 2                                                 | 24                                 | 28             | 356          | 442                      |
| <b>Galicia</b>    | <b>507</b>                             | <b>5</b>                                          | <b>62</b>                          | <b>101</b>     | <b>339</b>   | <b>601</b>               |
| Madrid            | 719                                    | 3                                                 | 102                                | 300            | 314          | 947                      |
| Murcia            | 132                                    | 1                                                 | 5                                  | 32             | 94           | 184                      |
| Navarra           | 123                                    | 1                                                 | 4                                  | 27             | 91           | 136                      |
| País Vasco        | 439                                    | 3                                                 | 45                                 | 103            | 288          | 477                      |
| Rioxa, A          | 36                                     | 1                                                 | 4                                  | 7              | 24           | 56                       |
| Ceuta e Melilla   | 28                                     | 2                                                 | 6                                  | -              | 20           | 30                       |
| <b>Total</b>      | <b>6.768</b>                           | <b>63</b>                                         | <b>632</b>                         | <b>1.554</b>   | <b>4.519</b> | <b>8.020</b>             |

Fonte: INE, *Estadística de Bibliotecas*

867.552 persoas, cunha recadación de 601,3 millóns de pesetas.

En relación á **radio** e á **televisión**, o **cadro 3.6.14.** reflicte o consumo diario dos mesmos nas diferentes comunidades autónomas. O consumo galego é inferior á media estatal en ámbolos dous casos.

O consumo medio diario de radio da poboación galega foi de 87 minutos en 1999 (90 o ano anterior), o que sitúa a Galicia como a sexta comunidade con menor consumo de radio, por diante de A Rioxa (78 minutos de media), Andalucía e Baleares (84 minutos) e Castela A Mancha e Madrid (86 minutos). No caso da televisión, o consumo medio diario foi de 199 minutos (192 minutos en 1998), co que Galicia é a quinta comunidade con menor consumo, tras Navarra (181 minutos), Aragón (182), A Rioxa (195) e Asturias (197).

O **cadro 3.6.15.** reflicte as cotas de audiencia das distintas cadenas televisivas. TVE 1 é a cadena máis vista tanto en Galicia como en España, cun 27,9% e un 25,6% de cota de pantalla, respectivamente. Antena 3, Tele 5 e

as autonómicas seguen en este orde. No caso das autonómicas, a cota de audiencia da cadena autonómica galega é superior á media do conxunto das televisións autonómicas en España (18,1% e 16,5%, respectivamente).

Respecto ós **cines**, en 1998 había en Galicia un total de 167 salas de cine, o que supoñía o 5,6% do total de salas existentes no conxunto do estado. A provincia de A Coruña é a que máis salas acolle, con 79, seguida de Pontevedra, con 45, e de Lugo e Ourense, con 28 e 15, respectivamente. Atendendo á relación entre o número de salas e a poboación, Galicia está por debaixo da media estatal, con 62 salas por cada millón de habitantes, fronte ás 74 no caso español. Por provincias, igual que nos casos anteriores, a provincia de Lugo presenta un valor superior á media española (77) mentres que as outras tres provincias atópanse por debaixo da mesma: Ourense, 45; Pontevedra, 50; e A Coruña 72 (**cadro 3.6.11.**).

O número de sesións de cine nese ano foi de 103.719, das que 56.897 corresponden á provincia de A Coruña. Ourense foi a provincia con menos sesións: 7.604. O número de espec-

tadores nos cines galegos en 1998 ascendeu a 5.075.000 persoas e a recadación, a 2.742,9 millóns de pesetas.

O gasto por persoa e ano en cine ascende en Galicia a 1.020,3 pesetas, fronte ás 1.638,5 en España. Atendendo á desagregación provincial, o maior gasto está na provincia de A Coruña, con 1.399,6 pesetas/ano, e o menor na provincia de Ourense, con 521 pesetas.

• **Bibliotecas.-**

No ano 1998 había en Galicia un total de 507 bibliotecas, cun total de 601 puntos de servizo, o que representa o 7,5% do total estatal en ámbolos dous casos. Comparado cos datos do ano 1996, en Galicia hai 27 bibliotecas máis, un 5,6%, en tanto que o número de puntos de servizo medra un 5,8% (33 puntos de servizo máis) (**cadro 3.6.16.**).

Atendendo á desagregación segundo o o seu tipo, o devandito cadro reflicte que dúas terceiras partes das bibliotecas galegas son bibliotecas públicas (339) e que hai un total de 101 bibliotecas especializadas. Comparado co ano 1996, aumenta o número de bibliotecas públicas (30 bibliotecas máis) e o das bibliotecas especializadas (unha máis), en tanto que descende lixeiramente o número de bibliotecas pertencentes ós outros dou grupos. ■

